

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O
DÍA 07 de MARZO DE 2016
Núm. 03/16**

Lugar: Casa consistorial do Concello de Bueu. Salón de sesións

Data: 07.03.2016

Hora da convocatoria: 20.00 h

Hora de comezo: 20.00 h

Hora de remate: 23.10 h

Sres. asistentes:

Alcalde.-

D. Félix Juncal Novas

Concelleiros.-

Polo Grupo BNG-ASEMBLEAS ABERTAS

Don Martin Villanueva Pastoriza

Don Juan Carlos Eirea Eiras

Dona Ana Isabel Otero Pastoriza

Don Jose Inocente Garcia Cuervo

Don Fidel Castro Quiroga

Dona María José Pérez Piñeiro

Don Manuel Otero Pérez

Don Xose Leal Fariña

Dona M^a Teresa López González

Dona Silvia Carballo González

Dona Inmaculada Concepción Rodríguez Dias

Polo Grupo PARTIDO POPULAR

Dona Berta Pérez Hernández

Don Manuel Santos Pires

Dona Mercedes Del Pilar Otero Gonzalez

Dona Mercedes Del Pilar Otero González

Polo Grupo PSdeG-PSOE

Don Jose Manuel Vilas Pastoriza

Polo Grupo SON

Don Julio Villanueva Gonzalez

Secretaria Accidental

D^a Araceli C. Pérez Morán

Interventor

D. Sergio Curra Moreira

No Salón de plenos da Casa do Concello de Bueu, sendo as 20:00 horas do día 7 marzo de 2016, reúnese o Pleno da Corporación Municipal, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Félix Juncal Novas, co fin de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao mes de marzo, coa seguinte orde do día que resulta da resolución da Alcaldía núm. 124 de data 2 de Marzo de 2016 e notificada ós membros da mesma:

- 1. APROBACION DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA ANTERIOR NÚM. 2/16 (SESION ORDINARIA DO MES DE FEBREIRO DE 2016 CELEBRADA O DIA 01.02.2016)**
- 2. DACION DE CONTA DO SEGUEMENTO DO PLAN DE AXUSTE CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2015**
- 3. DACION DE CONTA DA EXECUCIÓN TRIMESTRAL CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2015**

4. PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO NO EXPEDIENTE DE CONTRATACION PARA O ARRENDAMENTO DUN BEN INMOBLE (LOCAL DE OFICINAS) POR CONCURSO PÚBLICO PARA DESTINALO A OFICINA MUNICIPAL.
5. APROBACION DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NÚM. 2/2016
6. APROBACION DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO DO INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES (IMD) NÚM. 1/2016
7. MOCION DOS REPRESENTANTES DE PsdeG-PSOE, PP E SON EN RELACIÓN Á REDACCIÓN DUN REGULAMENTO ORGÁNICO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL (RE NÚM. 799 DE 06.02.2016)
8. MOCION ACB-SON SOLICITANDO A REVOGACIÓN DA PRÓRROGA CONCEDIDA A ENCE POLO GOBERNO DO ESTADO EN FUNCIÓNS (RE NÚM. 1252 DE 24.02.2016)
9. MOCION DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER. (RE NÚM. 1265 DE 25.02.2016)
10. DACIÓN CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA HABIDAS DENDE A DERRADEIRA SESIÓN ORDINARIA.
11. DACIÓN CONTA DOS REPAROS DE LEGALIDADE FORMULADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL DENDE A DERRADEIRA SESIÓN ORDINARIA.
FORA DA ORDE DO DÍA:
1. MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS, CON MOTIVO DO 40º ANIVERSARIO DA PROCLAMACIÓN DA REPÚBLICA ÁRABE SAHARAUI DEMOCRÁTICA
12. ROGOS E PREGUNTAS

Comprobada a existencia de quórum esixible para a celebración da sesión, polo Sr. alcalde declarase aberta a sesión.

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: Núm. 02/16 da sesión ordinaria correspondente ao mes de febreiro celebrada o pasado 1 De Febreiro De 2016

Pola Presidencia dáse conta do borrador da acta núm. 02/16 da sesión ordinaria da corporación municipal, correspondente ao mes de xaneiro, celebrada o pasado 1 de Febreiro de 2016

O Sra. Concelleira de PP, Berta Pérez formula unha observación relativa á súa intervención, que figura na páxina 12 da acta, e concretamente no debate

Cando pon que a Sra. Pérez Hernández intervén para manifestar que o Presidente da xunta de Galicia foi contundente respecto deste asunto na derradeira sesión celebrada polo Parlamento da Xunta de Galicia...//...

Debe poñer:

...//.. A Sra. Pérez Hernández intervén para manifestar que o Presidente da xunta de Galicia foi contundente respecto deste asunto na derradeira sesión celebrada polo Parlamento de Galicia...//...

O Sr. Concelleiro de SON, Julio Villanueva formula unha observación referente a que a Secretaria Xeral do Concello ás veces incorpora o segundo apelido á acta e outras veces non, o que crea confusión nas intervencións, toda vez que hai dos concelleiros co mesmo apelido.

Prega se teña en conta esta circunstancia e se incorpore o segundo apelido en todas as miñas intervencións.

O Sr. Concelleiro de PP, Manuel Santos Pires, formula unha observación, concretamente polo que figura na páxina 8 da acta, cando fala, "Respecto á cuestión de fondo, considera que os terreos non se atopan en zona de servidume de tránsito, xa que este tipo de servidume non existe ó non atoparse regulada na normativa sectorial que regula o dominio público hidráulico e as súas servidumes.

E o Alcalde intervén para rectificar o manifestado ó respecto sinalado, que se trata de zona de policía.

En canto non recolle o que falamos.

O Sr. Alcalde pide desculpas pola ausencia da Secretaria Xeral do Concello, por razóns de índole persoal.

Non producíndose ningunha outra intervención o Sr. alcalde somete a aprobación o borrador da acta núm. 02/16 da sesión ordinaria da corporación municipal, correspondente ao mes de Febreiro, celebrada o pasado 1 de febreiro de 2016 a votación ordinaria, nominal e a man alzada co seguinte resultado:

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria, nominal a man alzada, acorda, por unanimidade do seus membros asistentes (17 votos a favor dos que 12 corresponden aos concelleiros asistentes pertencentes ao grupo municipal do BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, 03 dos concelleiros asistentes pertencentes ao grupo municipal do PP; 01 do concelleiro asistente pertencente ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE, e 01 do concelleiro asistente pertencente ao grupo político municipal de SON), aproba a acta núm. 02/16 da sesión ordinaria da corporación municipal correspondente ao mes de febreiro de 2016 celebrada o pasado 1 de Febreiro de 2016.

2. DACIÓN DE CONTA DO SEGUEMENTO DO PLAN DE AXUSTE CORRESPONDENTE Ó 4º TRIMESTRE DE 2015

Polo Sr. Alcalde dáse conta da Memoria de seguemento Plan de axuste. Cuarto Trimestre do exercizo 2015. Concello de Bueu de 28 de xaneiro de 2016.

Esta información refire a datos provisionais de execución do cuarto trimestre do presuposto para o exercizo de 2015 do Concello de Bueu.

Que nas conclusións desta Memoria entende que se teñen producido desviacións importantes no cuarto trimestre do exercizo respecto do cumprimento de plan de axuste, pero enténdense non significativos para a consecución dos obxetivos fixados, ó producirse un equilibrio entre o incremento dos ingresos corrientes producido e o incremento de gastos, especial os gastos de capital.

Non facendo uso da palabra ningún dos Concelleiros asistentes á sesión, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal da Memoria seguemento do Plan de axuste correspondente ó cuarto trimestre de 2015

3. DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN TRIMESTRAL CORRESPONDENTE Ó 4º TRIMESTRE DE 2015

Polo Sr. Alcalde dáse conta da execución trimestral correspondente ó 4º trimestre de 2015

Non facendo uso da palabra ningún dos Concelleiros asistentes á sesión polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal da execución trimestral correspondente ó 4º trimestre de 2015.

4. PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O ARRENDAMENTO DUN BEN INMOBLE (LOCAL DE OFICINAS) POR CONCURSO PÚBLICO PARA DESTINALO A OFICINA MUNICIPAL

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dar conta da proposta de adxudicación do contrato de arrendamento dun ben inmoible (Local de Oficinas) por concurso público, para destinalo a oficina municipal, asinada con data 25.02.16, que se presenta para aprobación ó Pleno da Corporación Municipal.

Nos seguintes termos:

"P/C64/15

Asto.- Proposta de adxudicación do contrato de arrendamento dun ben inmovible (local de oficinas) por concurso público para destinalo a oficina municipal.

O Pleno da corporación en sesión ordinaria celebrada o 5.10.2015 acordou aprobar o expediente de contratación para o arrendamento dun ben inmovible (local de oficinas) por concurso público para destinalo a oficina municipal, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e prescripcóns técnicas por acordo adoptado na sesión ordinaria do 5.10.15, publicándose o correspondente anuncio da licitación no BOP de Pontevedra núm. 206 de 26.10.2015, máis no taboleiro de anuncios do concello e no perfil de contratante da web municipal.

Rematado o prazo de presentación de proposicións e, revisados os asentos do rexistro xeral dende o 27.10.15 ó 05.11.15, ambos inclusive, concorren as seguintes empresas según queda acreditado no informe da empregada municipal encargado do rexistro xeral do concello de data 6.11.15 relativo ás empresas que formularon proposicións para participar no procedemento aberto, que de seguido se relacionan:

Núm. e data do asento no rexistro xeral do concello	Identidade
RE núm. 9023 de 30.10.2015	ABANCA CORPORACION BANCARIA SA CIF. A70302039 Rpte: Eladio Rodríguez Álvarez DNI. 36040513-L

En base ao procedemento previsto na cláusula 9 dos PCAP, a Mesa de contratación, na sesión celebrada con data de 6.11.2015, e trala verificación da documentación contida no sobre A da única proposición presentada en prazo o Presidente fai constar incidencias observadas na documentación, acordando que pola Secretaria da Mesa se faga requirimento a través de correo electrónico á ABANCA CORPORACION BANCARIA SA co fin de que subsane a documentación aportada.

Tendo aportado a documentación requirida por parte de ABANCA CORPORACION BANCARIA SA mediante escrito de 9.11.2015 e 10.11.2015 (RE núm.9217/15 de 9.,11.2015 e 9276/15 de 10.11.2015 respectivamente) que permitiu efectuar o correspondente bastanteo de poderes pola secretaria do concello con data 9.11.2015.

Cumprimentado o requirimento relativo á capacidade, a Mesa de contratación volveu reunirse na sesión celebrada o 12.11.2015, para a apertura do sobre B presentado pola única empresa licitadora que concorre co seguinte resultado:

Identidade	OFERTA ECONOMICA	INSCRIPCION REXISTRAL/CATASTRAL	REPORTAXE FOTOGRAFICO	PLANOS
ABANCA CORPORACION BANCARIA SA- CIF. A70302039 Rpte: Eladio Rodríguez Álvarez DNI. 36040513-L	500 €/mes (sen IVE)	Ref. Catastral 7861415NG1876S0002MU (DOC.2810.2015) Inf. Rexistral de 26.08.2014	Aporta	Aporta

Tendo en conta a documentación aportada, a Mesa acorda por unanimidade dos seus membros con dereito a voto, requirir do arquitecto técnico municipal e vocal titular da mesa, a emisión de informe técnico relativo á visita ao local, a que fai referencia a cláusula 7.3 B) dos PCAP para a comprobación de que cumpren os requisitos técnicos mínimos do local previstos na cláusula 4 dos PPT.

Tendo emitido informe sobre adaptación do local ofertado por ABANCA o prego-requirimentos técnicos, polo arquitecto técnico municipal en data 18.11.2015, a Mesa reúnese novamente en sesión celebrada o 20.11.2015.

Trala dación de conta do informe do arquitecto técnico municipal de data 18.11.2015, a Mesa de Contratación acorda, na sesión celebrada o 20.11.2015, por unanimidade dos seus membros con dereito a voto, requirir de D. Eladio Rodríguez Álvarez en n/r de ABANCA CORPORACION BANCARIA SA CIF. A70302039 a seguinte documentación que permita á mesa acreditar o cumprimento dos requisitos mínimos esixidos na cláusula 4.2 dos PPT como presuposto previo e indispensable para proceder á valoración da oferta e formular a

proposta que sexa procedente ao órgano de contratación: certificados de instaladores autorizados que xustifiquen o estado da instalación eléctrica e de fontanería en perfecto estado de funcionamento.

Pola representación legal de ABANCA CORPORACION BANCARIA S.A se aporta a documentación requirida en data 30.11.2015 (RE 9903 de 30.11.2015).

Consta informe favorable do arquitecto técnico municipal de data 11.1.2016 emitido trala visita do arquitecto técnico ó local.

Logo do anterior, a Mesa de contratación, en sesión celebrada con data de 13.1.2016, formula a correspondente proposta de adxudicación a favor do único licitador que concorre no procedemento de referencia.

Á vista da documentación obrante no expediente administrativo, o alcalde realizou en data 13.1.2016 a proposta al Pleno de la corporación municipal para formular o requirimento previo á adxudicación do contrato a favor de ABANCA CORPORACION BANCARIA S.A.

A proposta foi ditaminada favorablemente pola comisión informativa permanente de facenda municipal, modernización da administración local e réxime interior en sesión celebrada o día 18.1.2016.

En base ao anterior o pleno da corporación en sesión ordinaria celebrada o 21.1.2016 adoptou por maioría absoluta dos seus membros o seguinte acordo :

“1º Requirir a ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A, CIF. A70302039, representante legal D. Eladio Rodríguez Álvarez, DNI nº 36.040.513-L para que no prazo de cinco días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que houbese recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

a) Ter aboado o importe dos anuncios de licitación en cumprimento da obriga imposta na cláusula 14 dos PCAP. Neste senso, deberá aboar 113,15 euros en concepto de gastos de publicación no BOP de Pontevedra do anuncio de licitación (BOP de Pontevedra núm.206 de 26.10.2015).

O ingreso deberá efectuarse na seguinte conta bancaria do concello:

IBAN: ES82 2080 5412 7231 1010 6776

b) A documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

O incumprimento dos requisitos indicados nesta cláusula impedirá a adxudicación e formalización do contrato e dará lugar á obriga de indemnización do contratista polos danos e perdas a este Concello, que se calculan nun 3% do tipo de licitación. Así mesmo, o Concello entenderá que ese comportamento supón a retirada da súa oferta polo licitador.

2º Notificar o acordo a ABANCA CORPORACION BANCARIA S.A, CIF. A70302039, por medio de correo electrónico (erodriguez@abanca.com) como medio válido de comunicación/ notificación aceptado expresamente polo licitador na documentación aportada no sobre A da súa proposición”

ABANCA CORPORACION BANCARIA S.A presenta a documentación requerida polo Pleno mediante escrito RE núm. 631 de 1.02.2016, incorporándose de oficio ao expediente o informe, de 18.02.2016, emitido pola Oficina de xestión tributaria do concello respecto da inexistencia de débedas en periodo executivo.

En data 25.2.2016 o Interventor do concello emite informe favorable de "fiscalización do expediente de contratación. Disposición do gasto"

Consta efectuada retención de crédito pola intervención municipal, con data 23.02.2016, (num.2016001612) polo importe de 6.050 euros € na aplicación orzamentaria 231.20200.01 dos vixentes orzamentos.

Á vista da documentación obrante no expediente administrativo e consonte o artigo 110.2 e Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto legislativo 3/2011 de 14 de novembro pola presente propoño ao Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

1º Declarar expresamente, en cumprimento do art. 151.4 do TRLCSP, a relación dos candidatos admitidos na licitación nos termos que resultan dos antecedentes de feito que se relacionan na parte expositiva do presente acordo:

IDENTIDADE	RESULTADO
ABANCA CORPORACION BANCARIA SA - CIF. A70302039 Rpte: Eladio Rodríguez Álvarez - DNI. 36040513-L	ADMITIDA

2º.- Adxudicar a ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A, CIF. A70302039, e domicilio social en Cant. Claudino Pita 2 15300 Betanzos (A CORUÑA) o contrato de arrendamento dun ben inmovible (local de oficinas) para destinalo a oficina municipal sito en Eduardo Vincenti nº 28 Bueu e con referencia catastral 7861415NG1876S0002MU por un importe de 500 euros/ mes (sen iva) sendo o IVE do 21% (105 euros) o que fai un importe total de 605 euros/ mes (iva engadido).

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento das obrigas derivadas da súa proposición (RE núm.9023 de 30.10.2015), as procedimentais que resulten da normativa de aplicación, e ao cumprimento das seguintes obrigas específicas:

- As que resulten do TRLCSP e RGCE

- As que resulten dos PCAP e PPT.

E particularmente as seguintes:

- As previstas na cláusula 16 dos PCAP "Obrigas do arrendador"

- Consonte a cláusula 13 dos PCAP o contrato deberá formalizarse en documento administrativo dentro dos 5 días hábiles seguintes ao da notificación da adxudicación. Constitúe requisito previo á formalización que polo concello, como arrendatario, depositase a fianza polo importe previsto na cláusula 5ª dos PCAP. A falta de formalización do contrato por causas imputables ao contratista constituirá un incumprimento do contratista que dará lugar a obriga de indemnización do contratista polos danos e perdas a este concello, que se calculan nun 3% do tipo de licitación.

En calquera caso, non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

- A duración contractual deberá axustarse ao disposto na cláusula II dos PCAP: "Duración do contrato" O Prazo contractual se establece en (5) anos, sesenta (60) mensualidades, contados a partir do primeiro día do mes seguinte á data de formalización do contrato privado de arrendamento en documento administrativo. O arrendatario terá dereito á resolución do contrato ao vencemento de cada anualidade, mediante notificación ao arrendador de xeito fehaciente cunha antelación mínima de tres meses, da súa vontade de resolvelo ao termo de cada anualidade.

3º.- Dispor o gasto correspondente ao arrendamento adxudicado pola anualidade de 2016 polo importe de 6.050 euros € , IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 231.20200.01 dos vixentes orzamentos do concello.

4º.- Ordear a publicación do correspondente anuncio no perfil do contratante da web municipal e no taboleiro de anuncios.

5º.- Notificar a presente á empresa adxudicataria e ao departamento de intervención para o seu coñecemento e efectos."

Dáse conta do ditame FAVORABLE da Comisión informativa de Facenda municipal, modernización da administración local e réxime interior e da comisión especial de contas, en sesión celebrada con data 2 de marzo de 2016

Toma a palabra o Sr. Alcalde para explicar brevemente o contido da proposta, sobre un expediente que xa o coñecen os Sres Concelleiros en canto á a terceira vez que se somete este asunto a deliberación e acordo polo Pleno da Corporación.

Dada conta da Proposta e ditame da Comisión informativa en sesión celebrada con data 2 de marzo de 2016, a Presidencia declara aberto o debate.

Explica o Sr. Alcalde que este contrato ten como finalidade a mellora dos servizos municipais, que se atopan fora das dependencias municipais, suxetos a un contrato de aluguer.

Intervén o Concelleiro García Cuervo, co fin de deixar clara a proposta e ó mesmo tempo dirixirse ó PP, por mor dunhas declaracións nas que se afirmaba que este contrato iba

vinculado a unha operación de Tesourería de 800.000,00 €.

Este procedemento someteuse a un trámite de licitación pública, polo que prego á Sra. Concelleira Berta Pérez, en canto foi quen fixo estas declaracións, que se retracte das mesmas, unicamente pola súa dignidade.

Por alusións a Concelleira de PP, Berta Pérez, afirma que non foi como dí o Sr. García Cuervo polo que non ten que retractarse de nada.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta de adxudicación do contrato de arrendamento dun ben inmovible (Local de Oficinas) por concurso público, para destinalo a oficina municipal, asinada con data 25.02.16, a votación ordinaria, nominal e a máñ alzada, co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria, nominal a man alzada, e por maioría absoluta dos presentes (12 votos a favor dos concelleiros pertencentes ao grupo municipal do BNG-ASEMBLEAS ABERTAS) 01 voto a favor do Concelleiro pertencente ó Grupo SON, e 04 abstencións, das que 03 corresponden aos concelleiros pertecentes ao grupo político municipal do PP e 01 ao concelleiro pertecente ao Grupo Político Municipal de PSdeG-PSOE

ACORDA:

1º Declarar expresamente, en cumprimento do art. 151.4 do TRLCSP, a relación dos candidatos admitidos na licitación nos termos que resultan dos antecedentes de feito que se relacionan na parte expositiva do presente acordo:

IDENTIDADE	RESULTADO
ABANCA CORPORACION BANCARIA SA - CIF. A70302039 Rpte: Eladio Rodríguez Álvarez - DNI. 36040513-L	ADMITIDA

2º.- Adxudicar a ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A, CIF. A70302039, e domicilio social en Cant. Claudino Pita 2 15300 Betanzos (A CORUÑA) o contrato de arrendamento dun ben inmovible (local de oficinas) para destinalo a oficina municipal sito en Eduardo Vincenti nº 28 Bueu e con referencia catastral 7861415NG1876S0002MU por un importe de 500 euros/ mes (sen ive) sendo o IVE do 21% (105 euros) o que fai un importe total de 605 euros/ mes (ive engadido).

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento das obrigas derivadas da súa proposición (RE núm.9023 de 30.10.2015), as procedimentais que resulten da normativa de aplicación, e ao cumprimento das seguintes obrigas específicas:

- As que resulten do TRLCSP e RGCE
- As que resulten dos PCAP e PPT.

E particularmente as seguintes:

- As previstas na cláusula 16 dos PCAP "Obrigas do arrendador"
- Consonte a cláusula 13 dos PCAP o contrato deberá formalizarse en documento administrativo dentro dos 5 días hábiles seguintes ao da notificación da adxudicación. Constitúe requisito previo á formalización que polo concello, como arrendatario, depositase a fianza polo importe previsto na cláusula 5ª dos PCAP. A falta de formalización do contrato por causas imputables ao contratista constituirá un incumprimento do contratista que dará lugar a obriga de indemnización do contratista polos danos e perdas a este concello, que se calculan nun 3% do tipo de licitación.

En calquera caso, non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

- A duración contractual deberá axustarse ao disposto na cláusula II dos PCAP: "Duración do contrato" O Prazo contractual se establece en (5) anos, sesenta (60) mensualidades, contados a partir do primeiro día do mes seguinte á data de formalización do contrato privado de arrendamento en documento administrativo. O

arrendatario terá dereito á resolución do contrato ao vencemento de cada anualidade, mediante notificación ao arrendador de xeito fehaciente cunha antelación mínima de tres meses, da súa vontade de resolvelo ao termo de cada anualidade.

- 3º.- Dispor o gasto correspondente ao arrendamento adxudicado pola anualidade de 2016 polo importe de 6.050 euros €, IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 231.20200.01 dos vixentes orzamentos do concello.
- 4º.- Ordear a publicación do correspondente anuncio no perfil do contratante da web municipal e no taboleiro de anuncios.
- 5º.- Notificar a presente á empresa adxudicataria e ao departamento de intervención para o seu coñecemento e efectos.

5. aprobación de recoñecemento extraxudicial de crédito 2/2015

Intervén o Sr. Concelleiro de PSdeG-PSOE, Sr. Vilas Pastoriza, informando que o certificado do ditame da Comisión Informativa de Facenda Municipal, modernización da administración local e réxime interior, e da comisión especial de contas, está mal redactado e adolece de defectos no seu contido.

Pode haber un erro material no ditame pero a proposta está ben, afirma o Sr. Alcalde, que é o que se vai votar, é o que se tratou en Comisión informativa.

Non hai inconveniente en aprobar esta proposta, logo se rectificará este erro material na Comisión Informativa.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar lectura da súa proposta, de aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2016, asinada con data 26 de Febreiro de 2016 nos seguintes termos:

“Proposta da alcaldía de aprobación do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de créditos 2/2016

Obxecto.

Finalizado o exercicio 2015 existen xustificantes de gasto devengados no exercizo 2015 e anteriores que non puideron ser aplicados ao orzamento por non existir crédito para os mesmos ou ser este insuficiente.

O artigo 26 do Real Decreto 500/1990, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos inclúe como excepción ao principio de temporalidade dos créditos, ademais dos establecidos polo texto legal, o recurso ao recoñecemento extraxudicial de créditos, mecanismo mediante o que, con cargo aos créditos do estado de gastos do orzamento en vigor, poden imputarse ao mesmo obrigas contraídas en exercicios anteriores, que no seu día non foron imputadas ao orzamento correspondente.

Asimesmo o artigo 60 establece que corresponderá ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos.

O obxecto desta proposta é o recoñecemento extraxudicial de créditos para o recoñecemento de gastos de exercicios anteriores que se relacionan nos antecedentes.

Antecedentes.

**Anexo I de facturas por gastos devengados no exercicio 2015 que non foron imputadas ó orzamento por falta de crédito, formado por 19 páxinas, que comeza por LAPAMAN GESTION SL(B94098316) por importe de 371,69€ e remata en GAS NATURAL SERVICIOS SA (A08431090) por importe de 926,23€ sendo o importe total 335.164,25 €*

**Anexo II de facturas por gastos devengados no exercicio 2015 presentadas no exercicio 2016, formado por 4 páxinas, que comeza por CALIXTO ESCARIZ SLU (B36980753) por importe de 2117,50€ e remata en KONE ELEVADORES SA (A28791069) por importe de 54,44€ sendo o importe total 41.758,78€.*

**Anexo III gastos correspondentes o Capítulo 4 do exercicio 2015 que non foron imputadas ó orzamento por falta de crédito, formado por 1 folio que comeza por MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO (P3600020F) POR IMPORTE DE 349.715,41€*

**Informe da Intervención Xeral do Concello de Bueu de data 26 de febreiro de 2016*

Vistos os antecedentes expostos anteriormente, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

PRIMEIRO.- Convalidar os gastos os que se refire o presente recoñecemento extraxudicial.

SEGUNDO.- Aprobar e comprometer os gastos, recoñecer as obrigas incluídas no expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2016 por importe total de 733.137,62, que se describen nos seguintes anexos:

***Anexo I** de facturas por gastos devengados no exercicio 2015 que non foron imputadas ó orzamento por falta de crédito, formado por 19 páxinas, que comeza por LAPAMAN GESTIÓN S.L. (B94098316) por importe de 371,69 e remata en GAS NATURAL SERVICIOS SA (A08431090) por importe de 926,23€ sendo o importe total 335.164,25

***Anexo II** de facturas por gastos devengados no exercicio 2015 presentadas no exercicio 2016, formado por 4 páxinas, que comeza por CALIXTO ESCARIZ SLU (B36980753) por importe de 2117,50€ e remata en KONE ELEVADORES SA (A28791069) por importe de 54,44 sendo o importe total 41.758,78€

***Anexo III** gastos correspondentes o capítulo 4 do exercicio 2015 que non foron imputados ó orzamento por falta de crédito, formado por 1 folio que comeza por MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO (P3600020f) por importe de 349.715,41€ e remata en ANPA CABO UDRA (G36047835) por importe de 751,36€ sendo o importe total 356.214,59 €.

E que foi ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de Facenda Municipal, modernización local e réxime interior, e da Comisión Especial de contas, en sesión celebrada o 2 de marzo de 2016

Dada conta da Proposta de alcaldía de aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2016, asinada con data 26 de febreiro de 2016 e ditame da Comisión informativa en sesión celebrada o 02.03.2016, a Presidencia declara aberto o debate.

Intervén o Sr. Santos Pires de PP, afirmando que en Comisión informativa se preguntaba cómo afectaba á ANPA, a existencia de facturas pendentes polo concepto de comedor escolar e a morosidade no abono das mesmas.

E asemade pregunta, porqué temos que aprobar este recoñecemento extraxudicial.

Resposta o Sr. García Cuervo, de BNG-Asembleas Abertas e Concelleiro de Facenda, no senso de que se trata dunha figura legal e así se está a utilizar noutros concellos.

De feito no Concello de Marín vai unha cunha cantidade importante.

Decir que tamén poderíamos esperar e incluílo no novo orzamento, pero deste xeito a xente tería que esperar e non vemos a razón, temos na Tesourería saldo suficiente para facer fronte a este gasto e pensamos que é o mellor.

O Sr. Alcalde, en resposta á pregunta formulada polo Sr. Santos Pires, informa que o Concello de Bueu subvenciona á ANPA polo servizo de comedor, pero son éstas as que teñen a obriga de pagar, logo o Concello abona os gastos subvencionados á ANPA, previa xustificación dos compromisos que derivan da subvención que se outorga.

O Sr. Santos Pires, concelleiro de PP recoñece que se trata dunha figura legal, e non se discute, o que non pode ser é que se faga uso desta figura de forma regular como o está facendo o Concello.

Trátase dun importe que supón un 11% do presuposto municipal, e a maior parte destas facturas que se inclúen, veñen por non ter crédito suficiente no orzamento, é dicir que o presuposto confeccionouse mal.

O Sr. García Cuervo, aclara que o Concello de Bueu acolleuse a un Plan de Pago a provedores, preto dun millón de euros que deixou sen pagar o goberno de PP. Tamén o Concelleiro de SON, cando él formaba parte do goberno municipal acolleuse igualmente a unha figura similar.

O Sr. Concelleiro de SON, o Sr. Julio Villanueva, por alusións toma a palabra, afirmando que é coñecedor de que é legal, non recorda habelo feito como dí o Sr. García Cuervo, en todo

caso tanto a Interventora como o Sr. Tesoureiro daquela me axudaron, e eu seguí o asesoramento deles, pode ser que houbera algun recoñecemento extraxudicial, aínda que o dudo.

De feito non fun capaz nin de aprobar os presupostos municipais.

Tamén quero dicir que ata de agora a miña intención de voto era a de absterme, acepto a legalidade e recoñezo que é necesario polo interés dos que teñen débeda pendente, pero logo de escoitar o Sr. Vilas, vou votar en contra, en canto este erro material no Certificado do ditame da Comisión Informativa, pode votar abaixo unha cuestión nosa.

Conste que hai reparos do Interventor Municipal, e que o meu voto en contra é solo por cubrirme por si algún partido político pide informes.

Sr. Cuervo non veña agora a falar de 2015, estamos cun presuposto novo e o mesmo tempo falamos deste recoñecemento extraxudicial, digamos que se trata de débedas que non quixeron meter.

Intervén o Sr. Vilas, do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Acepto que facturas como Fenosa ou Telefónica hainas que pagar, é un consumo diario que compre facer, pero esto tense que normalizar, de feito o informe de intervención é desfavorable.

Non se pode facer un recoñecemento de crédito todos os anos, neste Concello unicamente se copia as prácticas malas.

No informe de Intervención, que asemade ven con erros, se deduce que se gastaron para outras cosas, por eso agora nos atopamos con isto.

Para exemplo, hai unha factura de limpeza, por un servizo nefasto. Por quince días presentan unha factura de máis de catro mil euros.

Por eso o meu voto vai a ser negativo.

Remata este debate o Sr. Alcalde, informando que hai capítulos que non están pechados, en 2012 o Concello aprobou un Plan de axuste para regularizar débeda de un millón de euros, que correspondía a anos anteriores.

Esto leva consigo un teito de gasto, e aínda que temos superavit presupuestario nos da dificultades.

Hay Concellos cun nivel de endebedamento dun 115%, o Concello de Bueu non chega ó 50% e ten limpa toda a débeda atrasada.

Esto supón para o Concello un esforzo importante, e un gasto estrutural avalado polos Grupos da oposición que piden que gastemos máis e que nós apoiamos, pero tivemos que reducir o nivel de endebedamento, o canon de Sogama incrementouse nun 34%, que por certo o aprobou o PP, e o Concello o está a asumir para non repercutilo nos veciños.

Non falemos da subida tarifaria eléctrica, o que supón incremento importante do gasto público que soportamos co fin de que non afecten a políticas sociais.

Gas Natural presenta facturas no exercizo seguinte e pechados que obriga a facer este recoñecemento extraxudicial.

Pero o importante é que a finais do mes de marzo ou primeira quincena de abril esta débeda estará liquidada.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta de alcaldía de aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2016 asinada o pasado 26.02.16 a votación ordinaria, nominal e a man alzada, co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria, nominal a man alzada, e por maioría absoluta dos presentes (12 votos a favor dos concelleiros pertencentes ao grupo municipal do BNG-ASEMBLEAS ABERTAS) e 05 votos en contra, dos que 03 corresponden aos concelleiros pertencentes ao grupo político municipal do PP, 01 ao concelleiro pertencente ao Grupo Político Municipal de PSdeG-PSOE e 01 ao concelleiro pertencente ao Grupo Político Municipal de SON,

ACORDA:

PRIMEIRO.- Convalidar os gastos os que se refire o presente recoñecemento extraxudicial.
SEGUNDO.- Aprobar e comprometer os gastos, recoñecer as obrigas incluídas no expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2016 por importe total de 733.137,62, que se describen nos seguintes anexos:

- **Anexo I** de facturas por gastos devengados no exercicio 2015 que non foron imputadas ó orzamento por falta de crédito, formado por 19 páxinas, que comeza por LAPAMAN GESTIÓN S.L. (B94098316) por importe de 371,69 e remata en GAS NATURAL SERVICIOS SA (A08431090) por importe de 926,23 € sendo o importe total 335.164,25
- **Anexo II** de facturas por gastos devengados no exercicio 2015 presentadas no exercicio 2016, formado por 4 páxinas, que comeza por CALIXTO ESCARIZ SLU (B36980753) por importe de 2117,50€ e remata en KONE ELEVADORES SA (A28791069) por importe de 54,44 sendo o importe total 41.758,78 €
- **Anexo III** gastos correspondentes o capítulo 4 do exercicio 2015 que non foron imputados ó orzamento por falta de crédito, formado por 1 folio que comeza por MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO (P3600020f) por importe de 349.715,41€ e remata en ANPA CABO UDRA (G36047835) por importe de 751,36€ sendo o importe total 356.214,59 €.

6. APROBACIÓN DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO DO INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES (IMD) NUM. 1/2016

O Sr. Concelleiro de SON, Julio Villanueva, solicita permiso para ausentarse neste asunto.
O Sr. Alcalde autoriza e o Sr. Concelleiro, Polo que, cando son as 20.35 horas o Sr. Concelleiro Julio Villanueva de SON, abandona a sesión.
De seguido o Sr. Alcalde da lectura á súa proposta de aprobación de Recoñecemento extraxudicial de crédito do Instituto Municipal de Deportes (IMD), num. 1/2016, co seguinte contido literal:

“Proposta da alcaldía de aprobación do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de créditos 1/2016 I.M.D.

Obxecto.

Finalizado o exercicio 2015 existen xustificantes de gasto devengados no exercizo 2015 que non puideron ser aplicados ao orzamento por non existir crédito para os mesmos ou ser este insuficiente.

O artigo 26 do Real Decreto 500/1990, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos inclúe como excepción ao principio de temporalidade dos créditos, ademais dos establecidos polo texto legal, o recurso ao recoñecemento extraxudicial de créditos, mecanismo mediante o que, con cargo aos créditos do estado de gastos do orzamento en vigor, poden imputarse ao mesmo obrigas contraídas en exercicios anteriores, que no seu día non foron imputadas ao orzamento correspondente.

Asimesmo o artigo 60 establece que corresponderá ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos.

O obxecto desta proposta e o recoñecemento extraxudicial de créditos para o recoñecemento de gastos de exercicios anteriores que se relacionan nos antecedentes.

Antecedentes.

**Anexo I de facturas por gastos devengados no exercicio 2015 que non foron imputadas ó orzamento por falta de crédito, formado por 1 páxina, que comeza por AMBULANCIAS PONTEVEDRA S.L (B36497386) por importe de 350€ e remata en FRANCISCO ESTEVEZ LOIRA (35273910-Y) por importe de 75€ sendo o importe total 845€*

**Informe de Intervención Xeral do Concello de Bueu de data 26 de febreiro de 2016*

Vistos os antecedentes expostos anteriormente, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

*PRIMEIRO.- Convalidar os gastos os que se refire o presente recoñecemento extraxudicial.
SEGUNDO.-Aprobar e comprometer os gastos, recoñecer as obrigas incluídas no expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2016 por importe total de 845€,*

que se describen no seguinte anexo:

**Anexo I de facturas por gastos devengados no exercicio 2015 que non foron imputadas ó orzamento por falta de crédito, formado por 1 páxina, que comeza por AMBULANCIAS PONTEVEDRA S.L (B36497386) por importe de 350€ e remata en FRANCISCO ESTEVEZ LOIRA (35273910-Y) por importe de 75€ sendo o importe total 845€”*

E asemade do ditame FAVORABLE, da Comisión informativa de Facenda Municipal, modernización da administración local e réxime interior e da comisión especial de contas, en sesión celebrada o 2 de marzo de 2016

Dada conta da Proposta de alcaldía, de aprobación do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de créditos 1/2016 I.M.D. e ditame favorable da Comisión informativa de Facenda Municipal, modernización da administración local e réxime interior e da comisión especial de contas, en sesión celebrada o 2 de marzo de 2016, a Presidencia declara aberto o debate.

O Sr. Santos Pires de PP, di que o Sr. Alcalde falou no punto anterior dun plan de axuste de 2012, pero aprobamos o presuposto municipal en 2015 e deberían ter prevista esta subida, os gastos que ten e o canon de sogama.

Di que temos liquidez pero falta crédito, non non parecen lóxicas as razóns que deu, debe ter unha partida para gastos imprevistos.

Teñen que recoñecer que se equivocaron, e agora estamos a falar dun recoñecemento extraxudicial que supón un 11% do presuposto municipal.

O Sr. Alcalde, resposta que a decisión de poñer teito de gasto foi do seu partido, Sr. Santos Pires, o que impide axustar as partidas presupuestarias ós gastos necesarios.

Podería ser que con outras políticas poideramos facer políticas para a cidadanía.

Pero o seu partido unicamente se preocupa de facer políticas para cumprir co estado e co obxectivo de déficit imposto por Europa.

Esto repercute sempre no máis débil, que neste caso son os Concellos.

Toma a palabra o Sr. Concelleiro de BNG-Asemblea abertas, D. Manuel Otero, para recoñecer que non foi capaz de cubrir todas as partidas previstas,

Hai actividades que se fan nos últimos meses, e logo hai que xustificar os gastos, pero aínda así penso que hai que apoiar estas actividades.

Os presupostos municipais están moi axustados ó máis posible, temos teito de gasto.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta de alcaldía de aprobación de recoñecemento extraxudicial de crédito do Instituto Municipal de Deportes (IMD), num. 1/2016 a votación ordinaria, nominal e a man alzada, co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria, nominal a man alzada, e por maioría absoluta dos presentes (12 votos a favor dos concelleiros pertencentes ao grupo municipal do BNG-ASEMBLEAS ABERTAS e 04 abstencións, das que 03 corresponden aos concelleiros pertencentes ao grupo político municipal do PP, 01 ao concelleiro pertecente ao Grupo Político Municipal de PSdeG-PSOE

ACORDA

PRIMEIRO.- Convalidar os gastos os que se refire o presente recoñecemento extraxudicial.

SEGUNDO.-Aprobar e comprometer os gastos, recoñecer as obrigas incluídas no expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2016 por importe total de 845€, que se describen no seguinte anexo:

- Anexo I de facturas por gastos devengados no exercicio 2015 que non foron imputadas ó orzamento por falta de crédito, formado por 1 páxina, que comeza por Ambulancias Pontevedra S.L (B36497386) por importe de 350 € e remata en Francisco Estevez Loira (35273910-Y) por importe de 75€ sendo o importe total 845 €”

Cando son as 20.50 horas incorpórase á Sesión o Sr. Concelleiro de SON, Julio Villanueva.

7. MOCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PSDEG-PSOE, PP E SON, EN RELACION Á REDACCIÓN DUN REGULAMENTO ORGÁNICO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL (RE NUM. 799 DE 06.02.2016)

O Sr. Alcalde da lectura ó ditame favorable da Comisión informativa permanente de Portavocía do Goberno, Educación, Cultura e Políticas Sociais, celebrada o 01.03.16, relativa á elaboración dun regulamento orgánico da Corporación Municipal.

Toma a palabra o Sr. Concelleiro pertencente o Grupo Municipal de PSdeG-PSOE para dar lectura á moción presentada polos representantes de PsdeG-PSOE, PP e SON, en relación á redacción dun Regulamento orgánico da Corporación Municipal (RE 799 de 06.02.16)

Co seguinte contido literal

"José Manuel Vilas Pastoriza (PsdeG-PSOE)

Berta Pérez Hernández (PP)

Julio Villanueva González (SON)

Como voceiros municipais dos seus respectivos grupos, ó amparo da normativa aplicable, formulan para seu debate e no seu caso, aprobación, no próximo pleno a celebrar a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O artigo 23.1 da Constitución consagara como un dereito fundamental a participación dos cidadáns no asuntos públicos, directamente ou mediante representantes.

A facultade dos concelleiros de acceder á documentación e información municipal é unha manifestación do dereito de acceso a arquivos e rexistros que, con carácter xeral, teñen todos os cidadáns. Este dereito está enunciado no artigo 105 da Constitución e regúlase no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJPAC) así como nos artigos 207 e 230.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Un dos preceptos específicos que regulan o dereito de acceso os documentos e información municipal dos representantes dos cidadáns para participar nos asuntos públicos é o artigo 77 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), que dispón o seguinte:

- 1. Todos os membros das Corporacións Locais teñen dereito a obter do Alcalde ou Comisión de Goberno cuantos antecedentes, datos ou información obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.*
- 2. A solicitude deberá ser resolta motivadamente nos cinco días naturais seguintes a aquel en que se presentou, entendéndose aceptada por silencio administrativo, cando no anterior prazo non se dite resolución expresa denegatoria.*

Tamén son disposicións específicas os art. 14 a 16 do ROF, e máis concretamente o propio artigo 14 que regula o exercicio deste dereito, dando ao posible silencio o carácter de positivo, no caso de que nos cinco días a que se refire o precepto non se ditou resolución denegando a solicitude.

O dereito do Concelleiro para acceder á documentación e información municipal necesaria para desenvolver a súa función ten unha dobre vertente, diferenciándose, por unha banda, a que debe serlle facilitada de forma obrigatoria polos servizos municipais, sen que proceda previa autorización -contemplada no artigo 15 do ROF- e, pola outra, o resto da información e documentación, sendo precisa a autorización do Alcalde para acceder a mesma.

A consulta e exáme concreto dos expedientes, libros e documentación en xeral rexerese polas normas contempladas no artigo 16 do ROF.

Pode denegarse o acceso á documentación e información municipal nos casos previstos no artigo 105 párrafo b) da Constitución e no artigo 70.3 da LRBRL, por afectar á seguridade e defensa do Estado e á investigación dos delitos e intimidade das persoas.

Debendo extenderse aos do dereito á honra e a propia imaxe (artigo 18 da CE), criterio que segue o ROF respecto da posibilidade de declarar segredo o debate e votación en tales casos (artigo 88).

A negativa inustificada a facilitar información solicitada por un concelleiro pode constituir un delito de impedimento de exercicio dos dereitos cívicos contido no artigo 542 do Código Penal, que sanciona con pena de inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo dun a catro anos á autoridade ou ao funcionario público que, a propósito, impioda a unha persoa o exercicio doutros dereitos cívicos recoñecidos pola Constitución e as Leis.

Ademáis da vía penal, nos casos de negativa inxusta ou inustificada, cabe recurso contencioso-administrativo especial de protección dos dereitos e liberdades fundamentais da persoa, regulado nos arts. 114 a 122 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRJCA) por tratarse da vulneración o dereito para participar nos asuntos públicos recoñecido no artigo 23 da CE, xunto co potestivo de reposición, previo á vía xurisdiccional.

En canto á entrega por parte dos servizos municipais de fotocopias dos documentos aos concelleiros soamente pódese esixir nos casos legalmente autorizados de acceso libre dos concelleiros a información e cando expresamente o autorice a Alcaldía [artigo 16.1.a) do ROF].

A falta dunha regulación específica por parte da lei dos prazos de entrega de copias os concelleiros interesados é necesario a aprobación dun regulamento orgánico que recolla a adaptación dos principios da lei á organización propia do Concello ou, no seu defecto, unha circular ou decreto da Alcaldía a fin de ordear este dereito tan necesario para os concelleiros, entendendo que non debe superar o prazo de cinco días dende a solicitude, tempo máis que suficiente para que a Alcaldía examine a solicitude e dictamine ó respecto, facendo entrega das copias aos interesados.

Outro tema obxecto de controversia é o servizo de asesoramento legal preceptivo que debe prestar a Secretaría do Concello.

O artigo 1.1 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, dispón que son funcións públicas necesarias en todas as Corporacións Locais a de Secretaría, comprensiva da fe pública e asesoramento legal preceptivo.

A función de asesoramento legal preceptivo comprende o asesoramento verbal, tanto aos órganos colexiados nos que participe o Secretario/a como ao Alcalde, cando o requira, e a emisión de informes naqueles supostos en que así o ordene o Presidente da Corporación, ou cando o solicite un terzo de Concelleiros con antelación suficiente á celebración da sesión en que houbera de tratarse o asunto correspondente, ou cando se trate de asuntos para os que se esixa unha maioría especial ou por esixilo así un precepto legal.

Os grupos da oposición en Bueu non representamos un terzo, a falta dun concelleiro, de modo que non podemos acceder o asesoramento legal que presta a Secretaría.

Por todo ello, solicitamos do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

- 1) A redacción dun regulamento orgánico que recolla a adaptación dos principios da lei á organización propia do concello, ó abeiro da Resolución do 27 de xaneiro de 1987 da Dirección Xeral da Administración Local, sobre posición ordinamental do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e aplicabilidade do mesmo nas Entidades que, de acordo co disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dispoñan de Regulamento Orgánico propio da Entidade.*
- 2) En defecto dun regulamento orgánico se dicte unha circular ou decreto pola Alcaldía a fin de regular o dereito á información dos concelleiros e o dereito as copias solicitadas.*
- 3) Cando os grupos da oposición na súa totalidade soliciten, de forma conxunta, a asistencia legal da secretaria xeral do concello para a emisión de propostas ou de mocións, a mesma conte co apoio e voto favorable da alcaldía a fin de acadar un terzo dos concelleiros.*

Dada conta da moción presentada polos representantes de PsdeG-PSOE, PP e SON, en

relación á redacción dun Regulamento orgánico da Corporación Municipal (RE 799 de 06.02.16), e ditame favorable da Comisión informativa permanente de Portavocía do Goberno, Educación, Cultura e Políticas Sociais, celebrada o 01.03.16, relativa á elaboración dun regulamento orgánico da Corporación Municipal. a Presidencia declara aberto o debate.

O Sr. Concelleiro de SON, Julio Villanueva manifiesta a súa disconformidade coas dificultades para acceder ós expedientes e ó asesoramento legal que precisamos os Concelleiros.

Hai cuestións legais que non coñecemos, e ó mesmo tempo, segundo a lexislación vixente non temos dereito a este asesoramento, en consideración ó número de concelleiros do Concello.

Por eso solicitamos un regulamento para poder facer unha oposición como debemos, para o que solicitamos a colaboración do Alcalde, como exercizo de liberdade nun goberno de esquerdas, para facer o seu traballo.

O Sr. Alcalde adianta que o BNG vai votar en contra.

Este Concello o que sí fai e cumprir coas garantías de acceso á información ós Concelleiros, o que pasa e que as veces a legalidade non nos gusta, queremos crear unha nova normativa e debemos escomenzar por ver o impacto nos servizos municipais e a xestión dos procedementos administrativos, nos distintos departamentos do Concello.

Se solicita documentación e se entrega, como exemplo cita o asunto da senda do Río Bispo, fíxose un informe e se entregou.

Os informes xurídicos están para asuntos que veñen a Pleno, non se poden impedir cando se solicitan expresamente e se entregan, pero pido que deixen que o Alcalde decida sobre este tema.

O Goberno Municipal ten o seu papel, como Alcalde e como Goberno.

O Sr. Julio Villanueva, concelleiro de Son, intervéñ recordándolle ó Sr. Alcalde que son de esquerdas e nacionalistas, siga, así, así lles vai.

Que sepa que nós non nos aliamos.

Sei que cumpre coa legalidade, pero hai que ver o espírito democrático, fala da vontade do Alcalde.

Non entendo como lle costa cambiar o voto, Se lle fago unha pregunta ó Interventor responde, a Secretaria, ás veces.

Deben facer un exercizo democrático e están utilizando o rodillo.

Raro que tanto lle coste aceptar esta petición, pedimos un pouco máis de axilidade na política municipal.

Intervén o Sr. Vilas Pastoriza, concelleiro de PsdeG-PSOE, poñendo de manifesto as diferencias que existen cando o Sr. Alcalde estaba na oposición.

Sr. Alcalde, non hai unha nube negra, o que pedimos é para axilizar o noso traballo, non temos dedicación exclusiva e precisamos copias para poder estudar os asuntos.

Pero resulta que temos que solicitalo, logo o Sr. Alcalde estudia esa petición, e logo o autoriza, o que atrasa o acceso, buscamos un principio de eficacia, Sr. Alcalde, hai que darlle saída ó ROF..

Fai unha mala comparación, no segundo Pleno fala de principios de eficacia, por exemplo no caso das Delegacións.

Resposta o Sr. Alcalde, preguntando cales son, en todo caso serán Delegacións da Alcaldía ou do Pleno.

Intervén o Sr. Santos Pires de PP, afirmando que entre outros podemos falar de subvencións, contratación de obras.

A Moción é sinxela, continúa, pedimos expedientes que se van a tratar en órganos colexiados.

Si o pedimos a través do órgano colexiado non debería ser preciso pedilo outra vez.

Si solicitamos informe da Secretaria para coñecer si prevaricamos ou non, resulta que non temos resposta dende hai meses.

Por eso solicitamos que vostede solicite estes informes, porque o pedimos a totalidade da oposición, precisamente porque non temos 1/3 dos concelleiros e o coñecemos.

Toma a palabra o Voceiro de BNG-Asembleas Abertas, o Sr. Concelleiro Carlos Eirea, Falaba de que era unha proposición sinxela, pero hai defectos no planteamento.

Na Moción falan de leis que non se sabe si se poñen en dúbida ou non, pero o que solicitan está regulado por Lei, e as modificacións propostas poden afectar ó funcionamento do Concello.

Certo que temos unha maioría absoluta, pero somos un grupo plural, estamos de acordo con vostedes, pero tal e como está recollido na Lei.

Temos vontade pero non temos a infraestrutura necesaria para axilizar a administración.

Resposta por alusións o Concelleiro de SON, o Sr. Julio Villanueva instando a presentar unha Moción e consensuala con todos, si os grupos da oposición pedimos algo, necesitamos que este compromiso se faga por escrito para poder traballar e non depender do que decida o Alcalde.

Tamén poden facer unha enmenda a esta Moción.

O Sr. Alcalde, insta a retirar esta Moción para logo ser consensuada en Xunta de Voceiros e chegar a unha proposta conxunta.

Ofrezco diálogo para chegar a unha proposta común.

O Sr. Vilas, Concelleiro de PSdeG-PSOE, insiste en que non hai un regulamento, pedimos que se faga, dende o mes de outubro que pedín unha documentación aínda non se me entregou.

O Sr. Santos Pires, Concelleiro de PP, solicita fixar tempos para acceder ós expedientes, e aceptar o que solicitamos nesta Moción.

Nas comisións informativas nunca estamos ben informados, comprenderá o Sr. Alcalde que non podemos arriscarnos.

Considero que as persoas que asisten nas Comisións informativas, cando menos deben ter coñecemento dos expedientes.

Acceder a toda a documentación ten límite, dí o Alcalde. Son expedientes dos que tiveron acceso ó longo do ano, non se pode paralizar a administración.

Teñen solicitado informes dos que non tiñan dereito a obtelos e se lles deron, como o da incompatibilidade.

Como Alcalde se me esixe o bo funcionamento do Concello e garantir o acceso á información, a petición dun informe xurídico, nunca se lles negou, pero hai que pactar regras de xogo para que esto funcione.

Intervén por alusións a Concelleira de BNG-Asembleas Abertas, María José Pérez Piñeiro, que manifiesta que sodes vos, en referencia ós Concelleiros da oposición, os primeiros que necesitades tempo para leer os vosos propios documentos.

Todos temos dereito a dicir algo.

Seguidamente pregunta a Concelleira de PP, Berta Pérez

Estiven eu na lexislatura anterior? NON

Teño dereito a obter a documentación que preciso? SI

Contestouseme? NON

O Sr. Julio Villanueva, Concelleiro de SON, di que si se vai a chegar a unha Xunta de Voceiros prefiero retirar a Moción, pero coa certeza de que vai a ser así, e intentar chegar a conseguir o que temos solicitado.

Pero como un dos concelleiros que suscriben esta Moción non estén de acordo, non votarei retirar a mesma.

O Sr. Vilas, Concelleiro de PSdeG-PSOE, intervén novamente para dar a razón a Concelleira de BNG-Asembleas abertas, pero o feito é que de catro semanas que ten o mes non pasa nada, e logo nunha Comisión informativa lévase todo, e leva tempo preparala. Están tan seguros que as Comisións informativas non valen para nada que cando salimos xa está o notificador notificando o Pleno.

O Sr. Santos Pires, Concelleiro de PP propón votar esta Moción e iniciar outro procedemento posteriormente.

O Sr. Julio Villanueva, Concelleiro de SON, manifiesta que si retiramos a Moción, pedimos un compromiso do Alcalde

Os Grupos da Oposición propoñen retirar esta Moción para que poida ser debatida en Xunta de Voceiros e posteriormente tratada nun próximo Pleno da Corporación Municipal. É dicir, retirala e convocar Xunta de Voceiros para dialogar sobre unha moción conxunta.

O Sr. Carlos Eirea, Concelleiro de BNG-Asembleas Abertas, afirma que si lee esto de novo non saca ningunha conclusión sobre o que estamos a falar. A redacción non se corresponde.

Finalmente os tres grupos da Oposición PSdeG-PSOE, PP e SON propoñen a retirada deste asunto da orde do día de convocatoria para elaborar unha proposta conxunta en Xunta de Voceiros ou calqueira outra mesa de negociación.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta dos tres grupos da Oposición PSdeG-PSOE, PP e SON que propoñen a retirada deste asunto da orde do día de convocatoria para elaborar unha proposta conxunta en Xunta de Voceiros ou calqueira outra mesa de negociación, a votación ordinaria, nominal e a mán alzada, co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria, nominal a man alzada, e por maioría simple dos presentes (05 votos a favor, dos que 03 corresponden aos concelleiros pertencentes ao grupo político municipal do PP, 01 ao concelleiro pertencente ao Grupo Político Municipal de PSdeG-PSOE e 01 do Concelleiro pertencente ó Grupo SON), e 12 abstencións dos Sres. Concelleiros pertencentes ó Grupo Municipal BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, RESOLVE a retirada deste asunto da orde do día de convocatoria para elaborar unha proposta conxunta en Xunta de Voceiros ou calqueira outra mesa de negociación,

8. MOCIÓN ACB-SON, SOLICITANDO A REVOGACIÓN DA PRÓRROGA CONCEDIDA A ENCE, POLO GOBERNO DO ESTADO EN FUNCÍONS (re num. 1252 de 24.02.2016)

Toma a palabra o Sr. Concelleiro de SON, Julio Villanueva, para dar lectura á Moción presentada con data 24.02.16 (RE num. 1252), solicitando a revogación da prórroga concedida a Ence, polo Goberno do Estado en funcións, co seguinte contido literal:

"MOCIÓN DA ACB-SON SOLICITANDO A REVOGACIÓN DA PRÓRROGA CONCEDIDA A ENCE POLO GOBERNO DO ESTADO EN FUNCÍONS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Este pasado luns, vimos todos de coñecer a prórroga concedida a ENCE por un período de 60 anos por parte do goberno en funcións.

Son moitos os colectivos e asociacións, que ó longo destes días veñen amosando o seu descontento por ter tomado dita decisión.

Consideremos que un goberno en funcións, que non renovou a súa maioría, e que todo

apunta que rematará cesando nas súas funcións, non está lexitimado para acadar unha decisión destas características, máis tendo en conta que estaríamos ante unha posible ilegalidade na decisión adoptada polo ministerio de Medio por presunta prevaricación ó conceder a prórroga cando aínda non se resolveu a caducidade da concesión inicial.

Unha decisión que vai condear ás cidades e vilas da ría de Pontevedra a convivir durante 60 anos máis, cun núcleo industrial que tantos perxuizos provoca á saúde dos cidadáns, ó sector mariñeiro e ós nosos recursos naturais; tanto na comarca da ría de Pontevedra, como no resto da Galiza a través do monocultivo de eucalipto.

ENCE fai un uso dos terreos de xeito gratuito, con sede fiscal en Madrid, é unha industria que funciona con portas xiratorias, con exemplos de abondo, como é o caso da exministra Isabel Tocino ou José Carlos del Álamo, o cal nos ven indicando a estreita relación entre ENCE e o PP.

Por tanto ENCE non aporta ningún tipo de beneficio ás comarcas de Pontevedra e O Morrazo, xa que o tan pregoado emprego que ENCE xenera non é tal. Poñendo un exemplo, se o número total de empregados de ENCE vivisen na cidade de Pontevedra (cousa que non sucede), este número de empregados só suporía un 1,1% do total.

Estamos comprobando por tanto como o goberno en funcións de Mariano Rajoy, pon por diante o interese particular por riba do xeral, regalándolle a ENCE máis de 2.000 millóns de euros.

O mesmo Mariano Rajoy que unha vez máis executa un duro golpe ó litoral galego, o primeiro deles, lembremos, foi o Prestige, aínda que desta vez contou coa "inestimable" axuda do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, como cooperador necesario para asestar un golpe definitivo ós pobos da ría.

Parece pois, que estamos ante un goberno en funcións, que emulando ó mesmo goberno que trouxo a fábrica á nosa ría, quere deixar todo atado e ben atado, ante a vindeira saída do goberno.

Por todo isto, ACB-SON propón ó pleno a adopción do seguinte ACORDO:

- 1. Instar ó goberno do estado en funcións á revogación inmediata da prórroga concedida a ENCE por un período de 60 anos.*
- 2. O Concello de Bueu posicionarase publicamente en contra da permanencia do complexo industrial ENCE-ELNOSA na ría de Pontevedra.*
- 3. O Concello de Bueu apoiará todas as mobilizacións sociais favorables á revogación de dita prórroga"*

De seguido o Sr. Alcalde, da lectura ó ditame favorable da Comisión informativa Permanente de Portavocía do Goberno, Educación, Cultura e Políticas Sociais, en sesión celebrada o 01.03.16

Dada conta da Moción presentada con data 24.02.16 (RE num. 1252), solicitando a revogación da prórroga concedida a Ence, polo Goberno do Estado en funcións e ditame favorable da Comisión informativa permanente de Portavocía do Goberno, Educación, cultura e Políticas Sociais, celebrada o 01.03.16, a Presidencia declara aberto o debate.

Toma a palabra o Sr. Concelleiro de SON, Julio Villanueva explicando que o que se propón non é o peche de ELNOSA, co que non estamos conformes é co feito de que un goberno en funcións poida outorgar esta prórroga, non ten dereito.

Insisto, non pedimos o peche, o que se pide e que non esté na nosa ría.

Intervén a Concelleira de PP, Berta Pérez indicando que ENCE cumpría coas obrigas medioambientais establecidas pola Unión Europea.

En todo caso en 2018 terá que adaptarse ós últimos requerimentos medioambientais e someterse a novo control ambiental.

Foi o Goberno bipartito BNG-PSdeG-PSOE, os que lle renovaron a autorización ambiental que tiña ENCE,

Polo que parece, esto antes non pasaba, sólo é agora co PP.

Estamos a falar dunha empresa que crea preto de cinco mil empregos. Si falamos da política do BNG, sobre creación de emprego, podemos dicir que é a provincia con máis paro.

En todo caso deben saber segundo a concesión outorgada a ENCE, ésta ten a obriga de realizar investimentos importantes e creación de emprego.

Apostamos porque Galicia poida vivir da súa industria e sea autosuficiente.

A prórroga de ENCE seguiu o procedemento conforme á lexislación vixente.

O Goberno de España está para cumprir a lei, non para saltala.

A Xunta unicamente informou sobre o cumprimento da normativa ambiental

Esta prórroga non nos gusta, pero nunca se propuso unha ubicación alternativa, ademais a actividade de ENCE precisa un caudal importante para o seu funcionamento, polo que ten que estar preto dun río ou mar.

Ten un consumo eléctrico de aproximadamente trinta megawatios.

Que é mellor?, pechar ENCE e mandar ó paro a preto de cinco mil familias, ou facilitar que siga aberta, cumprindo as esixencias da UE.

Estamos a falar de legalidade, pero o Sr. Alcalde asina un convenio cun colectivo estando en funcións, con compromiso de aportar unha cantidade da que non vou a falar.

Este convenio asinouse o día 23 de maio, e dicir, o día de reflexión nas últimas eleccións Locais.

Esto é lexítimo?, o Sr. García Cuervo me acusa de falta de dignidade ante unha nota de prensa, e este escrito é oficial.

Por alusións intervén o Sr. Concelleiro de SON, Julio Villanueva

Fanme preguntas que penso que non teñen nada que ver, o Alcalde nese momento aínda era o Alcalde.

Segundo a declaración da concelleira de PP, ENCE non pode estar, ou fabrica ouro ou ten que dar perdas.

Ten que estar ó lado do río, non do mar, precisa auga doce, que sepa que a primeira ubicación prevista para ENCE era a carón do Río Ulla.

Elnosa naceu para blanquear o papel a ENCE, pero actualmente o blanqueo faise con ozono, por lo que xa non sería necesaria, pero a Xunta o hipoclorito o emprega para limpar as rampas, ese e ó fin.

Dí que Pontevedra é o sitio con máis paro, pero ENCE escomenza o paro biolóxico, as subcontratas non están polo metal.

A man de obra que se vai contratar é portuguesa. Serán legais, pero dende logo o que non son é éticos.

Somos unha assemblea cidadá de Bueu, non entro en bipartidismos, e dende logo vou votar a favor.

Intervén o Sr. Concelleiro de BNG, Carlos Eirea aproveitando para felicitar a Sra. Concelleira de PP Berta Pérez, polas súas dotes de parlamentaria, pero descoñece o que a dose, non se pode comparar sesenta anos con seis anos.

É unha industria contaminante intensa, con algún escape de cloro en certos momentos.

Estamos a falar dunha prórroga de 60 anos, con probabilidade dun feito desgraciado e máis tempo de contaminación química, visual e estética, que espanta ó turismo, sen dicir do cheiro fedorento que desprende.

O noso Grupo Municipal vai apoiar a Moción.

Berta Pérez, aclara, que xa dixen que esta concesión non era un cheque en branco, en 2018 teñen que pasar un novo exame.

Non me constan informes médicos que xustifique que ENCE contamina ós veciños.

O Sr, Concelleiro Julio Villanueva decía que ENCE ten una parada, pero esta parada a fan para invertir preto de cinco millóns de euros para adaptarse ós requerimentos ambientais e facer os axustes necesarios.

Non vou a entrar en máis debate, me limito a leer os acordos.

Entendemos que é legal, outra cousa é que estemos ou non de acordo.

Parece que están moi preocupados pola contaminación, pois veño en comunicarlles que recentemente houbo un vertido importante ó río Lérez

O grupo municipal de PP denunciou este feito, pero no Goberno de Pontevedra según entrou, saleu e non acadou remedio.

Tamén quero preguntarlle ó Sr. Alcalde, ¿Qué medidas se tomaron no verán na praia de Loureiro?

Adiantamos que o noso grupo municipal vai votar en contra.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, afirmando que non se cuestiona a legalidade, pero sí a oportuidade, a decisión final é discrecional e política.

Teña en conta que o Goberno en Madrid, cambiou a Lei de Costas para poder conceder esta prórroga a ENCE,

O Goberno do Estado non pode alegar ese trámite ambiental, non hai obriga para outorgar esta prórroga.

Respecto á EDAR de Pontevedra, cando falaba dos verquidos no concello de Pontevedra, creo que a está a xestionar Augas de Galicia da Xunta de Galicia, e ten a obriga de sanear a Ría.

Por eso debemos esixir á Xunta de Galicia que se adopten as medidas necesarias para este fin. Debemos velar pola saúde das persoas, tamén polo seu traballo, por eso consideramos que debemos ter un plan alternativo para salvar a perda de postos de traballo co peche de ENCE.

Esto non lle corresponde ó Concello, senón ó Estado e á Xunta de Galicia.

Remata o debate o Concelleiro de SON, Julio Villanueva aclarando que non se van a gastar eses millóns ós que fai referencia a Concelleira de PP, Berta Pérez na súa intervención anterior, en mellora ambiental, principalmente é para que quede bonito, e para mantela porque actualmente vense abaixo,

Certo que en 2018 ten que pasar revisión ambiental, pero coa participación do Estado e un Banco, esta empresa vendeuse a un grupo brasileiro.

Esperamos que en 2018 non esté gobernando o PP, o pobo galego e o español non creo que permita a conceder indemnizacións millonarias a un grupo brasileiro polo peche de Ence.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a Moción presentada por SON con data 24.02.16 (RE num. 1252), solicitando a revogación da prórroga concedida a Ence, polo Goberno do Estado en funcións a votación ordinaria, nominal e a man alzada, co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria, nominal a man alzada, e por maioría absoluta dos presentes (14 votos a favor, dos que 12 corresponden aos concelleiros pertencentes ao grupo político municipal BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, 01 ao concelleiro pertencente ao Grupo Político Municipal de PSdeG-PSOE e 01 do Concelleiro pertencente ó Grupo SON), e tres votos en contra dos Sres. Concelleiros pertencentes ó Grupo Municipal de PP

RESOLVE

1. Instar ó goberno do estado en funcións á revogación inmediata da prórroga concedida a ENCE por un período de 60 anos.
2. O Concello de Bueu posicionarase publicamente en contra da permanencia do complexo industrial ENCE-ELNOSA na ría de Pontevedra.
3. O Concello de Bueu apoiará todas as mobilizacións sociais favorabeis á revogación de dita prórroga.

9. MOCION DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR CON MOTIVO DO DÍA

INTERNACIONAL DA MULLER. (RE NÚM. 1265 DE 25.02.2016)

Toma a palabra a Sra. Concelleira de PP, Mercedes del Pilar Otero González, para dar lectura da Moción presentada polo Grupo Municipal Popular con motivo do día internacional da Muller

Nos seguintes termos:

“MOCIÓN CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

Os Concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular formulan para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no próximo Pleno a celebrar, a seguinte Moción con motivo do Día Internacional da Muller.

Exposición de motivos:

A igualdade entre mulleres e homes é un principio xurídico universal e así aparece recollido en numerosos textos normativos:

A Constitución Española, que é o maior referente xurídico estatal, recolle no seu artigo 14 que a poboación española é igual ante a lei "sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social". E o artigo 9.2 sinala que son os poderes públicos os que deben "promover as condicións para que a liberdade e igualdade das persoas e dos grupos nos que se integren sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social".

Pola súa banda, o Tratado da Comunidade Europea (TCE) recoñece a igualdade entre mulleres e homes como un dereito de alcance transversal a todo o ordenamento e políticas da Comunidade Europea (artigos 2 e 3) e considera como misión da Comunidade a consecución da igualdade de xénero: "A Unión combaterá a exclusión social e a discriminación e fomentará a (...) igualdade entre mulleres e homes (...)".

Esta previsión dá maior alcance ao principio de transversalidade e obriga a introduci-lo en todas as políticas públicas, o que comprende todos os ámbitos de actuación, segundo o recollido na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea que tamén establece que a igualdade entre mulleres e homes ten que garantirse en todos os ámbitos (art. 23).

En maio de 2011, o Consello da UE, co fin de reafirmar e apoiar a estreita relación entre a Estratexia da Comisión Europea para a igualdade entre mulleres e homes (2010-2015) e a Estratexia Europea 2020, reafirmou o seu compromiso de cumprir as aspiracións da UE en materia de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes e adoptou o Pacto Europeo pola igualdade de xénero (2011-2020). Neste pacto, o Consello recoñece que a igualdade entre mulleres e homes constitúe un valor fundamental de la Unión Europea e que as políticas de igualdade de xénero son vitais para o crecemento económico, a prosperidade e a competitividade.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes constitúe o marco normativo nacional para promover o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes e fai referencia ao carácter transversal que debe ter a incorporación da igualdade na totalidade das políticas públicas no conxunto do Estado.

No ámbito autonómico, a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a Igualdade de mulleres e homes recolle tamén este principio transversal da igualdade de oportunidades no seu artigo 6.

En marzo de 2015, a Comisión da Condición Xurídica e Social da Muller de Nacións Unidas, coincidindo coa conmemoración de Beijing+20, aprobou unha declaración política que, baixo o lema "50-50 en 2030", avoga pola meta de alcanzar a igualdade de xénero en 15 anos.

Na actualidade, todas as institucións nacionais, europeas e internacionais veñen realizando un grande esforzo para garantir o dereito das persoas a non sufrir discriminación por razón de sexo. Este esforzo materialízase, fundamentalmente, a través de tres vías de intervención:

- 1. O desenvolvemento do principio de igualdade a través da eliminación no ordenamento xurídico das discriminacións por razón de sexo.*

2. *As accións positivas, que consisten en medidas específicas de intervención que actúan sobre as barreiras sociais que dificultan a igualdade entre as persoas, co fin de compensar as desigualdades sociais.*
3. *O mainstreaming de xénero, que supón a integración dos obxectivos de igualdade na elaboración e avaliación das políticas públicas. Supón a integración da perspectiva de xénero no conxunto das políticas públicas.*

O orzamento pode definirse como o instrumento a través do cal o goberno planifica os ingresos e os gastos que se van a realizar no vindeiro exercicio económico e constitúe a ferramenta esencial na que se reflexan as políticas públicas que se van desenvolver e se materializan estas en plans, programas, proxectos ou actuacións concretas, dirixidas a satisfacer as necesidades, intereses e expectativas da cidadanía.

Os orzamentos sensibles ao xénero ou orzamentos con perspectiva de xénero non son sinónimo de orzamentos diferenciados en programas para mulleres e para homes, senón que responden a unha estratexia para coñecer o impacto que as políticas recollidas no orzamento teñen sobre as mulleres e homes. O obxectivo fundamental é a integración transversal dos asuntos de xénero en todas as políticas, plans e programas que se desenvolvan.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1. *Instar ao Concello de Bueu a elaborar un informe de impacto de xénero dos orzamentos municipais do Concello, que permita analizar as actuacións que se van desenvolver desde unha perspectiva de xénero, prestando especial atención á situación das mulleres e dos homes en relación cos programas de gasto.*
2. *Instar á Xunta de Galicia, se así o precisa o Concello, a poñer a súa disposición, instrumentos e/ou indicacións para a elaboración do informe de impacto de xénero dos orzamentos."*

Intervén a Concelleira de BNG-Asambleas Abertas, Ana Isabel Otero Pastoriza, informando que no ano 2005 publicouse o Primeiro Plan de Igualdade do Concello de Bueu, levando un premio polo traballo feito nel.

O III Plan de Igualdade comprende dende o 2014 ata 2017, sempre tendo en conta a información dos responsables de cada departamento municipal, tendo en conta tamén as necesidades de mulleres e homes de Bueu, así como os recursos dispoñibles para a súa posta en marcha

Neste plan se contempla:

- Difusión do Plan de Igualdade do Concello
- Fomentar o coñecemento en materia de Igualdade do persoal municipal
- Incorporar perspectivas de xénero nas actuacións e programas das diferentes áreas municipais
- Incluir perspectivas de xénero na contratación municipal.

No III Plan de Igualdade do Concello de Bueu, en canto ó referido ó Eixo transversal de xénero, a inclusión do mesmo ten como obxectivo xeral a incorporación da perspectiva de xénero en todas as actuacións municipais. Neste eixo preséntanse propostas dirixidas a analizar os procesos de deseño, desenvolvemento e avaliación das políticas municipais, para que a perspectiva de xénero se converta nunha norma xeral de actuación que garanta o principio de igualdade.

Os orzamentos municipais xa contemplan partidas para este tema, co fin de que dende pequenos os nenos aprendan que a igualdade é para todos.

Non considero necesario obrigar ó Concello de Bueu, e ó seu persoal un traballo que xa está realizado.

En 2017 podemos sentarnos e falar sobre este tema, con fin de elaborar un novo Plan de Igualdade.

O Sr. Santos Pires do PP, se solicita informe do impacto de xénero nos orzamentos municipais.

En caso de que o Concello non teña os parámetros, a Xunta de Galicia pode darnos as instrucións necesarias para esto.

Carlos Eirea de BNG-Asembleas abertas, intervén dicindo que en comisión informativa non quedaba claro o que se pedía, eu dixen que o que se solicitaba era un estudo de transversalidade de un presuposto municipal.

Esto non o considero importante, o único que supón é máis traballo para a estrutura municipal.

O importante é ter desenvolto os programas.

O Sr. Pires de PP, manifiesta que si a solicitude de informe vai ser un problema ó servizo, é millor retiralo

A Sra, Concelleira Berta Pérez intervén dicindo que non tiñamos información, agora a temos, acaban de entregarnos este III Plan de Igualdade.

Polo que non temos inconveniente en retiralo.

Téndose dictaminado favorablemente en Comisión informativa permanente de Portavocía do Goberno, Educación, Cultura e Políticas Sociais, en sesión celebrada o 01.03.16

Non habendo máis intervencións, e considerando que o Grupo Municipal Popular manifiesta a súa intención de retirar a Moción presentada con Motivo do Día Internacional da Muller, o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria, nominal e a man alzada, co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria, nominal a man alzada, e por maioría simple dos presentes (3 votos a favor de PP) e 14 abstencións (dos que 12 corresponden aos concelleiros pertencentes ao grupo político municipal BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, 01 ao concelleiro pertencente ao Grupo Político Municipal de PsdeG-PSOE e 01 do Concelleiro pertencente ó Grupo SON),

RESOLVE a retirada desta Moción da orde do día da convocatoria

10. DACIÓN CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA HABIDAS DENDE A DERRADEIRA SESIÓN ORDINARIA

Pola Presidencia dáse conta das Resolucións de Alcaldía habidas dende a última sesión ordinaria, que xunto coa súa relación estiveron a disposición dos Sres. Concelleiros dende a convocatoria da sesión, que de seguido se relacionan

nº	data	extracto do seu contido
43	29/01/16	Modificación delegacións xenéricas e específicas en Concelleiros efectuadas por R.A. 582/15, de 17/06/15
44	20/01/16	Convocatoria Xunta Goberno 01/02/16
45	22/01/16	Incremento salario funcionarios e persoal laboral no 1%
46	21/01/16	Rectificación erro material Proxecto modificado Reparación cuberta e acondicionamento interior Casa Aldea de Meiro
47	29/01/16	Aprobación gasto e orde pago anuncio BOP formalización contrato Camibo cubrición Nave Deportes Náuticos
48	29/01/16	Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local 4º T/15 Fenie Energía
49	29/01/16	Denegación compensación débeda R. Cable y Telecomunicaciones
50	28/01/16	Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local exercizo 2015, R. Cable y Telecomunicaciones
51	25/01/16	Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local 4º T/15, Audax Energía
52	29/12/15	Aprobación nómina persoal mes de xaneiro
53	01/02/16	Resolución reclamacións fiscais 01/16
54	12/01/16	Concesión tarxeta estacionamento por discapacidade física a Benito Estévez García
55	28/01/16	Concesión tarxeta estacionamento por discapacidade física a Francisco J. Santos Paredes
56	26/01/16	Reintegro á Consellería de Traballo parte subvención non xustificada para o Grupo Municipal de Intervención Rápida
57	03/02/16	Requirimento previo á adxudicación contrato "Conexión augas pluviais rúa X. Carballeira co novo punto de verquido"
58	29/01/16	Desestimación alegacións Josefa Pérez Otero, expte. restauración legalidade urbanística 02/15, muro en Bon

		ABaixo
59	02/02/16	Desestimación recurso David Revuelta Blanco e outros, declaración nulidade desaloxo edificio Pintos
60	02/02/16	Aprobación liquidación cota amortización e xuros préstamo Banco Sabadell
61	03/02/16	Aprobación gastos anuncios BOP licitación servizo mantemento e instalación sistemas alarma... e balizamento praias
62	03/02/16	Apertura e constitución Anticipo Caixa Fixa
63	02/02/16	Orde pagamento diversas obrigas por unha contía global de 127.160,13 €
64	04/02/16	Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local Factor Energía, 4º T/15
65	04/02/16	Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local Gas Natural Sur, exercizo 2015
66	04/02/16	Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local Gas Galicia, exercizo 2015
67	04/02/16	Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local Gs Natural Comercializadora, exercizo 2015
68	04/02/16	Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local Unión Fenosa Distribución, exercizo 2015
69	30/12/15	Orde pagamento a Silvia Carballo, gastos envío carta certificada
70	05/02/16	Troco data celebración voda civil, Oscar Gómez de la Torre
71	11/02/16	Solicitude autorización á Deputación emprego sobranse Paviment. camiños municipais, para proxecto Camiño zona de Sar-Cela
72	09/02/16	Autorización celebración voda civil a José Manuel Torres García
73	29/01/16	Solicitude subvención á Vicepresidencia Cons. de Presidencia, para Construcción Vestiario Nave Deportes Náuticos de Pescadoira
74	10/02/16	Resolución reclamacións fiscais 74/16
75	09/02/16	Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local Gas Natural Servizos, exercizo 2015
76	08/02/16	Concesión tarxeta estacionamento por discapacidade física, a Carmen Pastoriza González
77	09/02/16	Aprobación expte. modificación créditos 02/16, incorporación remanentes 02/16, por unha contía de 16.676,14 €
78	03/02/16	Remate relación laboral con Olga Santos Leal e Mª Concepción Vilas Porela, como peóns limpeza
79	12/02/16	Convocatoria Xunta Goberno Local 15/02/16
80	09/02/16	Aprobación Cert. 2 obra "Proxecto reparación e melloras no Pavillón Pablo Herbelo"
81	11/02/16	Aprobación Cert. 2-final obras "Sinaléctica Concello de Bueu, fase I"
82	11/02/16	Concesión tarxeta estacionamento por discapacidade física, a Manuel Torres Santos
83	11/02/16	Concesión tarxeta estacionamento por discapacidade física, a Esperanza Gómez Barros
84	12/02/16	Precinto obra troco cuberta no Souto, promotora Carmen Riobó Durán
85	10/02/16	Declaración ineficacia comunicación previa troco tella no Souto, Carmen Riobó Durán
86	16/02/16	Adxudicación obra Conexión augas pluviais zona X. Carballeira co novo punto de verquido
87	15/02/16	Aprobación Acta Recepción obras "Reparación e melloras no Pavillón municipal Pablo Herbelo"
88	15/02/16	Aprobación Acta Recepción obras "Sinaléctica Concello de Bueu"
89	19/02/16	Adxudicación contrato subministro sistema gravación de audio e transcripción para salón plenos
90	17/02/16	Cancelación inscrición no Rexistro de Parellas de Feito de Eva Curra Entenza xunto con José Antonio Pérez Vidal
91	16/02/16	Aprobación gasto e orde pagamento taxas Portos de Galicia e Instituto Social da Mariña
92	29/01/16	Aprobación gasto seguridade social mes de decembro
93	15/02/16	Rectificación erro cert. 1 obras Sinaléctica Concello de Bueu, Fase I
94	16/02/16	Renovación concesión tarxeta estacionamento por discapacidade física, a Teresa Estévez Pousada
95	19/02/16	Aprobación calendario contribuínte exercizo 2016
96	18/02/16	Aprobación liquidacións asistencias Concelleiros a órganos colexiados, mes de decembro
97	18/02/16	Arquivo expte. reclamación responsabilidade patrimonial danos vehículo, Lucía González Freire
98	19/02/16	Arquivo expte. reclamación responsabilidade patrimonial danos vehículo, Fco. Javier García Loira
99	18/02/15	Arquivo expte. reclamación responsabilidade patrimonial danos vehículo, Antonio López Cruz
100	01/02/16	Orde pagamento cota arrendamento financeiro máquina limpa praias, mes xaneiro
101	19/02/16	Aprobación liquidación gastos enerxía eléctrica cafetería Centro Social do Mar
102	19/02/16	(con levantamento de reparo)
103	22/02/16	Autorización celebración voda civil, Aranzazu García González
104	03/02/16	Nomeamento xurado concurfso carteis Entroido 2016
105	22/02/16	Resolución reclamacións fiscais 03/16
106	19/02/16	Orde pagamento diversas obrigas por unha contía global de 99.592,99 €
107	19/02/16	Arquivo expte. reclamación responsabilidade patrimonial Asier Casas Sagastizabal, danos vehículo
108	22/02/16	Rectificación erro R.A.15/02/16, aprobación acta recepción obras Sinaléctica Concello de Bueu
109	18/02/16	Arquivo expte. reclamación responsabilidade patrimonial Pablo Malvido López, danos vehículo
110	19/02/16	(con levantamento de reparo)
111	25/02/16	Convocatoria Xunta Goberno 26/02/16
112	19/02/16	Incremento salarial membros da Corporación con adicación exclusiva e parcial
113	12/02/16	Aprobación gasto e orde pago atrasos extra decembro/12, funcionarios xubilados Mª Teresa Chamosa e Florentino Resille
114	25/02/16	Aprobación nómina persoal mes de febreiro
115	29/02/16	Xustificación gastos correspondentes alo II Plan de Conservación e funcionamento bens e servizos municipais

		2015
116	29/02/16	Autorización a Adrián Rodríguez Blanco, titular licenza auto-taxi núm. 8, contratación de Irene Freire Leal como conductor asalariado
117	26/02/16	Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local 4º T/15, Vodafone España
118	26/02/16	Aprobación liquidacións ICIO, ocupación vía pública con mesas e cadeiras, e mercadoño
119	19/02/16	Aprobación calendario contribuínte exercizo 2015
120	25/02/16	Aprobación padrón fiscal Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica exercizo 2016
121	29/02/16	Solicitud participación no Plan Marco: Mellora camiños municipais de acceso a explotacións agrarias
122	29/02/16	Aprobación gastos e orde pagamento obrigas taxas Portos de Galicia, uso espazo mercadoño
123	26/02/16	Troco residencia no PMH de José Vilariño Núñez e tres máis
124	02/03/15	Convocatoria pleno ordinario 07/03/16

Intervén o Sr. Concelleiro de PSdG-PSOE, Vilas Pastoriza, formulando pregunta sobre o expediente da “Casa de Aldea de Meiro”, e o motivo de facer un modificado.

O Sr. Alcalde aclara que na execución das obras apareceron restos de asbesto, polo que houbo que incluír unha partida a máis que non estaba contemplada no proxecto inicial, o que deu lugar a obriga de facer un modificado.

Os criterios da Deputación sobre as partidas do modificado non eran coincidentes coas do Concello por eso tivemos que rectificar de novo, co finde axustar as partidas contidas no proxecto.

Vilas Pastoriza, Concelleiro de PSde-G-PSOE pregunta si ó final retirouse este material. Respostando en sentido afirmativo o Alcalde.

Non habendo ningunha outra intervención, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento do Pleno da corporación Municipal das reslucións habidas dende a última sesión ordinaria.

11.DACION CONTA DOS REPAROS DE LEGALIDADE FORMULADOS POLA INTERVENCION MUNICIPAL DENDE A DERRADEIRA SESIÓN ORDINARIA

Pola Presidencia enténdese dada conta dos reparos de legalidade formulados pola Intervención do Concello de Bueu dende a última sesión ordinaria, que, xunto coa súa relación estiveron a disposición dos Sres. Concelleiros dende a convocatoria da sesión, que de seguido se relacionan:

nº	data	extracto do seu contido
102	19/02/15	Levantamento reparo, aprobación gasto e orde pagamento achega ANPA Colexio A Torre, gastos monitor Comedor Escolar
110	19/02/16	Levantamento reparo, aprobación gasto e orde pagamento achega ANPA CEIP A Pedra, Comedor Escolar e Plan Madrugada set-dec/15

Non formulándose ningunha intervención, polo Sr. Alcálde, declárase o coñecemento polo Pleno da corporación Municipal dos reparos de legalidade formulados pola Intervención Municipal dende a última sesión ordinaria.

• FORA DA ORDE DO DIA.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DO BNG, PPS SON E PSOE DO CONCELLO DE BUEU CON MOTIVO DO 40º ANIVERSARIO DA PROCLAMACIÓN DA RASD

O Sr. Alcalde somete a votación ordinaria, nominal e a mán alzada a declaración de urxencia co fin de incorporar esta Moción conxunta dos Grupos Políticos Municipais do BNG, PPS, SON E PSOE do Concello de Bueu, con motivo do 40º aniversario da proclamación da RASD, na orde do día da convocatoria.

VOTACIÓN E ACORDO:

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria, nominal a man alzada, acorda, por unanimidade dos seus membros asistentes (17 votos a favor dos que 12 corresponden aos concelleiros asistentes pertencentes ao grupo municipal do BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, 03 dos concelleiros asistentes pertencentes ao grupo municipal do PP; 01 do concelleiro pertencente ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE, e 01 do concelleiro pertencente

ao grupo político municipal de SON), RESOLVE incluír este asunto na orde do día da convocatoria para o seu tratamento e Resolución.

Dáse conta da Moción conxunta dos Grupos Políticos Municipais de BNG, PP, SON e PSOE do Concello de Bueu, con motivo do 40º aniversario da Proclamación da RASD, co seguinte contido literal:

*"Á vista do escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Bueu o 25 de febreiro de 2016, de parte da SOGAPS Delegación Saharai para Galicia, con rexistro de entrada nº 1256, e tras a xunta de voceiros celebrada o venres 26 de febreiro ás 12:30 horas no Concello de Bueu, os grupos políticos municipais do BNG, PP, SON e PsdeG-PSOE, deciden levar a pleno a presente moción conxunta a propósito do **40 aniversario da proclamación da República Árabe Saharai Democrática (RASD).***

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 27 de febreiro de 2016 cumpríronse 40 anos da proclamación da República Árabe Saharai Democrática (RASD). Con motivo de tal celebración, desde a Asociación Solidariidade Galega co Pobo Saharai e a Delegación Saharai en Galicia, pídesse a todas as institucións o apoio e colaboración para con este pobo.

Tras 40 anos de loita e resistencia, o Estado Saharai -recoñecido pola Unión Africana e por máis de 80 países do mundo- representa hoxe a determinación e a vontade de todo un pobo para exercer o seu dereito á autodeterminación, dereito recoñecido polas Nacións Unidas aos países e pobos baixo a dominación colonial.

Nestes 40 anos, conforme ao máis estrito respecto ao Dereito Internacional, quedou de manifesto que a presenza marroquí no Sahara Occidental é ilegal, e que non tivo nin pode ter efectos xurídicos ou políticos que mermen o dereito do Pobo Saharai a decidir libremente o seu futuro.

A ONU definiu esta presenza de maneira explícita na súa Resolución 3437 (1979) como mera "ocupación militar", que se prolonga desgraciadamente no tempo, con todas as consecuencias de violencia, atropelo e abuso aos dereitos humanos máis elementais que a Comunidade Internacional está obrigada a defender e protexer.

Ademáis desta ocupación militar e das reiteradas violacións aos dereitos humanos, o Pobo Saharai padece a pasividade da comunidade internacional, e de xeito particular, o silencio cómplice do Estado español, na súa calidade de potencia administradora, que continúa tendo unha responsabilidade legal e política nesta traxedia.

PROPOÑEMOS QUE ESTE PLENO MUNICIPAL ACORDE A SEGUINTE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL:

O pasado 27 de febreiro de 2016 cúmprese o 40º aniversario da proclamación da República Árabe Saharai Democrática, e os grupos políticos do BNG, PP, SON e PSOE do Concello de Bueu, declaran que queren sumarse a este acontecemento histórico e demostrar un ano máis o seu firme compromiso co Pobo Saharai.

As choivas torrenciais caídas en outubro de 2015 nos campamentos de poboación refuxiada saharai afectaron a máis de 90.000 persoas, 25.000 dos cales perderon o seus fogares e quedáronse sen alimentos, segundo denunciou a Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR).

Diversas investigacións levadas a cabo polo Instituto Hegoa da UPV-EHU e a Sociedade de Ciencias Aranzadi, co apoio de Eskal Fondoa, achegaron novas probas sobre desaparicións forzosas e bombardeos á poboación civil saharai a mans do goberno de Marrocos. Ademáis, estas investigacións están sendo útiles na investigación da querela por xenocidio contra o Pobo Saharai e nas demandas de verdade, xustiza e reparación.

Por todo iso, o pleno do Concello de Bueu manifesta o seguinte:

- 1. Reafirma o seu recoñecemento ao lexítimo goberno da RASD e o Frente Polisario e manifesta unha vez máis, o dereito de autodeterminación que legalmente asiste ao Pobo Saharai. Asimesmo pídelles ao Goberno de España que lle dea o estatus diplomático á representación do Frente Polisario en España, único e lexítimo representante do Pobo Saharai, recoñecido así pola ONU.*
- 2. Insta ao Goerno de España e á comunidade internacional a que promovan todas as*

iniciativas políticas que sexan necesarias para lograr unha solución xusta e definitiva, mediante a celebración dun referendo, conforme ás resolucións de Nacións Unidas.

3. *Insta ás autoridades marroquís a que cesen as persecucións contra os e as activistas saharauis de dereitos humanos, e que liberen aos presos políticos saharauis e esclarezan o destino de máis de 400 persoas saharauis desaparecidas.*
4. *Insta ao Estado Español a que asuma a súa responsabilidade histórica e traballe activamente dentro da Unión Europea e aproveite a súa presenza no Consello de Seguridade da Nacións Unidas para que a MINURSO vexa ampliado o seu mandato á vixilancia dos dereitos humanos do Sahara Occidental.*

*Os voceiros/as da Corporación Municipal do Condello de Bueu,
Juan Carlos eirea Eiras (BNG)
José Manuel Vilas Pastoriza (PSO)
Julio Villanueva González (ACB-SON)
Berta Pérez Hernández (PP)”*

Non producíndose ningunha outra intervención o Sr. Alcalde somete a aprobación a Moción conxunta dos Grupos Políticos Municipais, con motivo do 40º aniversario da Proclamación da República Árabe Saharaui Democrática, a votación ordinaria, nominal e a man alzada co seguinte resultado:

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria, nominal a man alzada, acorda, por unanimidade dos seus membros asistentes (17 votos a favor dos que 12 corresponden aos concelleiros asistentes pertencentes ao grupo municipal do BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, 03 dos concelleiros asistentes pertencentes ao grupo municipal do PP; 01 do concelleiro pertencente ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE, e 01 do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de SON), aproba a acta núm. 02/16 da sesión ordinaria da corporación municipal correspondente ao mes de Febreiro de 2016 celebrada o pasado 1 de febreiro de 2016.

ACORDA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL nos seguintes termos:

O pasado 27 de febreiro de 2016 cúmprese o 40º aniversario da proclamación da República Árabe Saharaui Democrática, e os grupos políticos do BNG, PP, SON e PSOE do Concello de Bueu, declaran que queren sumarse a este acontecemento histórico e demostrar un ano máis o seu firme compromiso co Pobo Saharaui.

As choivas torrenciais caídas en outubro de 2015 nos campamentos de poboación refuxiada saharauí afectaron a máis de 90.000 persoas, 25.000 dos cales perderon o seus fogares e quedáronse sen alimentos, segundo denunciou a Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR).

Diversas investigacións levadas a cabo polo Instituto Hegoa da UPV-EHU e a Sociedade de Ciencias Aranzadi, co apoio de Eskal Fondoa, achegaron novas probas sobre desaparicións forzosas e bombardeos á poboación civil saharauí a mans do goberno de Marrocos. Ademais, estas investigacións están sendo útiles na investigación da querrela por xenocidio contra o Pobo Saharaui e nas demandas de verdade, xustiza e reparación.

Por todo iso, o pleno do Concello de Bueu manifesta o seguinte:

1. Reafirma o seu recoñecemento ao lexítimo goberno da RASD e o Frente Polisario e manifesta unha vez máis, o dereito de autodeterminación que legalmente asiste ao Pobo Saharaui. Asimesmo pídelles ao Goberno de España que lle dea o estatus diplomático á representación do Frente Polisario en España, único e lexítimo representante do Pobo Saharaui, recoñecido así pola ONU.
2. Insta ao Goberno de España e á comunidade internacional a que promovan todas as iniciativas políticas que sexan necesarias para lograr unha solución xusta e definitiva, mediante a celebración dun referendo, conforme ás resolucións de Nacións Unidas.
3. Insta ás autoridades marroquís a que cesen as persecucións contra os e as activistas saharauis de dereitos humanos, e que liberen aos presos políticos saharauis e esclarezan o destino de máis de 400 persoas saharauis desaparecidas.
4. Insta ao Estado Español a que asuma a súa responsabilidade histórica e traballe

activamente dentro da Unión Europea e aproveite a súa presenza no Consello de Seguridade da Nacións Unidas para que a MINURSO vexa ampliado o seu mandato á vixilancia dos dereitos humanos do Sahara Occidental.

12. Rogos e preguntas

- ◆ O Sr. Vilas Pastoriza, Concelleiro de PSdeG-PSOE, pregunta si a obra de acondicionamento de Meiro está recepcionada, porque hai deficiencias importantes, que poden ser derivadas dunha mala execución.

Ó que Alcalde responde afirmativamente, informando que en todo caso xiraremos visita de comprobación, e solicitarase informe técnico para comprobar o estado das obras realizadas, e no seu caso se esixirán a reparación das mesmas, sempre que sean derivados da execución das obras, tendo en conta que non se tratou dun acondicionamento total.

- ◆ O Sr. Concelleiro de SON, Julio Villanueva, en relación a colaboración do Concello co programa Vacacións en Paz para os nenos Saharauis. Non sei si este ano presentaron solicitude, polo que pregunto si teñen coñecemento de que esta petición esté presentada.

Responde afirmativamente a Concelleira María José Pérez Piñeiro, de BNG-ASEMBLEAS ABERTAS

Pregunta o Sr. Julio Villanueva de SON si este asunto é competencia do Pleno da corporación.

Ó que resposta o Sr. Alcalde que non.

A Concelleira María José Pérez Piñeiro informa que este ano procederase a revisar o convenio.

- ◆ O Sr. Concelleiro de SON, Julio Villanueva, di que dende que un vehículo caeu na recta de Agrelo, se está a solicitar polos veciños da posibilidade de poñer unha valla, preguntando si é responsabilidade do Concello ou do propietario da finca.

Responde o Sr. Alcalde afirmando que se trata dun vial autonómico, non hai responsabilidade municipal neste caso.

De todos modos, informarlle que se ten solicitado á Xunta de Galicia a súa reparación e ademáis enviouse un orzamento, polo que neste momento o Delegado Territorial ten a solicitude do Concello para a construción dun valado protector.

- ◆ O Sr. Manuel Santos Pires de PP, pregunta sobre un tema de tráfico, e concretamente por que se permite o xiro a dereita cando circulamos en Francisco Escáneo a Montero Ríos.

Responde o Sr. Alcalde, que nesa zona hai dobre sentido, tense falado de colocar unha sinal indicativa de prohibido xirar a esquerda e dereita.

- ◆ O Sr. Manuel Santos Pires de PP, pregunta:
No acceso á Praza Massó, ¿Vaise regular?

Responde o Sr. Alcalde que o concello ten previsto adquirir sinais, compe aprobar unha nova ordenanza de terrazas e ordenanza de tráfico sobre a casuística de tráfico e restriccións en zonas, horarios, etc...

- ◆ A Concelleira de PP, Mercedes del Pilar Otero, quere saber si houbo algunha actuación dende o último Pleno, en que se poñía en coñecemento do Concello dos últimos roubos no Polígono Industrial.

Responde o Sr. Alcalde, que logo de preguntar á Policía Local, ésta non tiña constancia

de roubos dende hai máis dun ano.
Non sei si hai denuncias.

O Concelleiro Fidel Castro de BNG aclara que si non hai constancia de denuncias non podemos facer nada.

- ◆ O Sr. Manuel Santos Pires, de PP, solicita que no sucesivo, a poder ser, os informes técnicos rematen con informe FAVORABLE OU DESFAVORABLE

Responde o Sr. Alcalde, que este é un tema a tratar cando nos reunamos en Xunta de voceiros para tratar o tema do Regulamento orgánico.

Rematado o turno de rogos e preguntas, e non habendo máis asuntos a tratar, dáse por rematada a sesión, sendo as 23:10 horas do día ó principio sinalado, de todo o que, en canto Secretaria Accidental do Concello, dou fe.

A secretaria Acctal.,

Araceli C. Pérez Morán

Vº Pr.
O Alcalde,

Félix Juncal Novas